

Mensaxería ABALAR MÓBIL

A mensaxería de abalarMóbil é unha nova funcionalidade da aplicación ABALAR da Consellería de Cultura, Educación e O.U. que ten como obxectivo facilitar a comunicación entre o centro e os responsables. Esta nova sección está dispoñible a partir da versión 1.3.0 da aplicación móbil tanto para dispositivos Android como iOS.

A partires de agora as comunicación do centro ás familias faranse dende esta aplicación, aforrando papel e colaborando na sustentabilidade do planeta. Podedes consultala en: https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/abalarmobil_mensaxeria.pdf

A aplicación abalarMóbil está dispoñible para os pais, nais e titores legais do alumnado matriculado nos centros educativos de Galicia de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos.

As familias van a poder consultar desde o seu dispositivo móbil as cualificacións, as faltas de conduta, os horarios e as materias, as incidencias creadas polo profesorado así como os avisos ou notificacións por parte do centro educativo e modificar o idioma da aplicación.

A descarga desta aplicación no teléfono móbil faise dende *Apple store* (se o sistema operativo é iOS) ou desde *Play Store* (se o sistema operativo é Android).



SAMAÍN 2019



DEGUSTACIÓN DOCES E PRODUTOS DE OUTONO

O vindeiro luns día 28 de outubro celebraremos o SAMAÍN e o martes 5 de novembro terá lugar a degustación de produtos de outono e samaín, polo que solicitamos a vosa colaboración.



Para a degustación de produtos de outono e samaín, solicitamos que colaborades enviando sobremesas e doces elaborados con produtos típicos desta época o MARTES 5 DE NOVIEMBRE.



Para a EXPOSICIÓN DE CABAZAS DE SAMAÍN, o alumnado traerá a súa cabaza decorada o luns 28 de outubro.

Quen o desexe, poderá levala para a casa o mércores 30 (de non ser así, irán ao lixo). Haberá AGASALLOS PARA TODOS OS PARTICIPANTES!!!



O vindeiro venres 8 de novembro celebraremos o **MAGOSTO** e entregaranse os premios do concurso de cabazas do SAMAÍN. Este ano, ao igual que o ano pasado será necesario que cada alumno e alumna aporte antes do xoves 1 € que serán entregadas ao titor ou titora.

Grazas pola vosa colaboración

